

Vixilia Pascual

Xesús resucitado sae ó noso encontro e dinos:

Alegrádevos!...

Non teñades medo!

Nesta noite santa celebramos que Cristo resucitou, que vive e está presente entre nós.

Proclamámolo como **Luz** que ilumina o noso camiño.

Acollémolo como **Gracia** que renova a nosa vida, facendo máis forte o noso amor e a nosa esperanza.

O Amor e a Vida venceron sobre o mal e a morte. Así o compartimos e o celebramos na **GRAN VIXILIA PASCUAL INTERPARROQUIAL** o Sábado Santo, en:

San Xoán de Lóuzara ás 8 da tarde


Mosteiro de Samos ás 10 da noite

(O Sábado Santo ás 11 da mañán xuntámonos na igrexa do Mosteiro todos os que queiran colaborar, para preparar esta gozosa celebración e tamén ensaiar os cantos).

Feliz Pascua!

Vacacións para os maiores

Serán do 18 -25 de abril en Gandía-Valencia.
Aínda queda alguna praza libre en habitación dobre.



En Palestina, fai moitos anos, encendeuse unha luz.

Un home, Xesús de Nazaret, empezou a anunciar unha nova forma de vivir, chea de amor, de entrega persoal, de confianza plena en Deus.

E no nome dese Deus, a quen el chamaba Pai, curou enfermos, levantou espíritos caídos, proclamou unha nova esperanza para os pobres.

E por iso, porque transformaba demasiadas cousas, porque quería un mundo totalmente renovado, matáronno, colgándoo dunha cruz.


Nós, cada ano, nestes días de Semana Santa, recordamos e contemplamos a este Xesús torturado e morto.

E, cheos de fe, confesamos e celebramos que Deus o resucitou. E recoñecémolo como Luz que ilumina toda escuridade.

Con gozo, proclamamos que ese Xesús é o Fillo benquerido de Deus, é o Deus presente entre nós.

E queremos seguílo de todo corazón, porque o seu camiño é o camiño da Vida, o camiño do Amor e da Esperanza.


Semana Santa 2017



Unidade de Acción Pastoral
Lousada - Samos

Celebración Comunitaria do Perdón

Xesús de Nazaret manifestounos que o noso Deus é un Deus Pai misericordioso, que perdoo sempre, que ama sempre, que acolle sempre. Queremos acoller esa misericordia, ese perdón e ese amor de Deus na **Celebración Comunitaria do Perdón** que para tódalas parroquias de Samos e todas as persoas que o desexen teremos no **Mosteiro de Samos o domingo, día 2 de abril ás 11 da mañán**



Domingo de Ramos

Comezamos a Semana Santa aclamando a Xesús porque cremos nel, e temos posta nel a nosa confianza

Ó longo desta semana celebraremos e contemplaremos a Xesús coma o Fillo amado do Pai, que proclamou e viviu o servizo, o perdón e o amor a todos, sen distincións, ata morrer na Cruz.


Celebracións:

Castroncán ás 11,

Mosteiro de Samos ás 12

Loureiro ás 12,30

San Xoán de Lóuzara ás 5



Xoves Santo

No cenáculo, contemplamos a Xesús que lava os pés aos seus discípulos, como un signo da súa entrega.

E escoitamos como nos deixa o pan e o viño como sacramento permanente da súa presenza entre nós, para acompañarnos toda a vida.

Neste día somos invitados a participar do **banquete do amor e da fraternidade** e a escoitar as palabras de Xesús: *amádevos como eu vos amei.*

Celebración da Cea do Señor:

San Xoán ás 12; Loureiro ás 4,30;

Castroncán ás 6 e no Mosteiro de Samos ás 6

Hora Santa no Mosteiro de Samos ás 10 da noite



Venres Santo

Xesús morre na Cruz por fideidade ó camiño de Deus e por coherencia con todo o que fixo e ensinou. Desde a Cruz móstranos que significa amar totalmente, como só Deus pode amar.

Nós hoxe celebramos a súa paixón contemplando e adorando a Cruz desde a que nos abrazou a toda a humanidade. Agradecemoslle o seu amor, confesamos a nosa fe nel e comprometémonos co seu camiño de fidelidade e de entrega

Celebración da Paixón do Señor:

San Xoán ás 12; Loureiro ás 4,30;

Castroncán ás 6; Mosteiro de Samos ás 6

Vía Crucis no Mosteiro de Samos ás 10 da noite

